

## RESUMO DA PROGRAMACIÓN DE HISTORIA DA FILOSOFÍA

### **Obxectivos mínimos**

Comprender os conceptos histórico-filosóficos fundamentais para a entender os sistemas teóricos máis importantes da historia da filosofía occidental.

Aplicar os conceptos e teorías á comprensión dos textos incluídos na programación xeral da materia.

Coñecer e aplicar os recursos e técnicas básicas de comentario de texto para poder aplicarlas á elaboración de composicións filosóficas.

Entender as teorías filosóficas que se deron ao longo da historia dentro do seu contexto histórico, social e cultural.

### **Unidades didácticas**

Filosofía grega

Filosofía medieval

Filosofía moderna

Filosofía ilustrada

Filosofía contemporánea

### **Metodoloxía**

Cada unidade didáctica contará cos seguintes elementos:

1. Unha selección de textos filosóficos (referencia os propostos pola CIUG)
2. Unha explicación teórica por parte da profesora ou profesor para achegar os contidos
3. Exercitación da técnica de lectura e comprensión de textos
4. Exercitación da expresión escrita e oral en base ao vocabulario técnico e a precisión conceptual que requira cada teoría filosófica.

### **Materiais e recursos**

Apuntamentos

Presentacións de aula

Recursos en aula virtual

Textos con orientacións para a realización das composicións escritas

### **Criterios de cualificación e recuperación**

1. As probas escritas co formato da proba de acceso á universidade suporá o 80 % da cualificación global (ata 6 puntos, media aritmética de dúas probas por trimestre). Esta proba será traballada tamén nas táboas de indicadores.
2. As tarefas de comentario de textos dos autores, realizadas na casa, a partir das indicacións e recursos proporcionados na aula, suporán un 20% na cualificación. Poderán realizarse varias por trimestre e a súa puntuación ponderada engadirase á cualificación final.
3. As intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación baseado no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia.servirán para redondear ou/subir a nota. Todos estes criterios serán avaliados mediante rúbrica con indicadores claros diferenciados, comprensibles e traballados na aula co o alumnado.

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

Á nota de cada avaliación se lle aplicarán as seguintes regras de redondeo:

- (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5).
- (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4) .

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

O procedemento de recuperación será por trimestre a través da posibilidade refacer traballos ou unha proba, a determinar polo profesorado do departamento no caso de ter en conta algunha cuestión concreta para favorecer a adaptación ao alumnado. Cando un alumno/a teña dúas ou tres avaliacións suspensas, terá a oportunidade de facer unha proba extraordinaria baseada nos criterios mínimos das unidades correspondentes. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado dunha proba escrita deseñada polo departamento de Filosofía de acordo cos criterios das probas de acceso a universidades (aplicarase ao resultado final o redondeo xa detallado na programación).

O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.